



Memoria de actividades

Galicia 2022

#EducarCura

Título: Memoria de Actividades Educo Galicia 2022

© Educo

Permítese a reprodución total ou parcial desta obra por medio ou procedemento sempre que se mencione a fonte e fágase sen fins comerciais.

Impreso en España

Depósito legal: B 7232 – 2018.

Primeira edición: abril 2023

Coordinación: Mónica Viqueira Martínez

Redacción: Mónica Viqueira Martínez

Diseño editorial: Judit Suñol

Corrección: Ramón Ferreiro Mariño

Fotografías: María Lydia López, Laura Álvarez, Mónica Viqueira

Para máis información sobre os temas tratados neste documento, póñase en contacto con: galicia@educos.org ou chama ao 981200826.

Educo Delegación Galicia: Rúa M^a Luisa Durán Marquina, 20, 1^o, 15011 A Coruña.



Táboa de contidos

Quen somos	05
Educo en Galicia	05
Programas	06
Acción social	06
Cooperación ao Desenvolvemento	08
Educación para a Cidadanía Global	10
Sensibilización	14
Incidencia política e traballo en rede	15

Poñendo á infancia e adolescencia no centro



Quen somos

Somos unha ONG de cooperación global para o desenvolvemento e acción humanitaria presente en 14 países que actúa desde hai máis de 30 anos a favor da infancia e en defensa dos seus dereitos, en especial o dereito a recibir unha educación de calidade.

Traballamos para que todos os nenos e as nenas disfruten plenamente dos seus dereitos e dunha vida digna. Poñemos o foco no dereito á educación para a infancia porque considerámola a base de todos os cambios posibles. Porque a educación cura e ofrece novas oportunidades.

Somos membro de ChildFund Alliance, unha das principais coalicións internacionais de ONG centrada na protección da infancia e que está presente en máis de 60 países.

Educo en Galicia

Educo está presente en Galicia dende o ano 2010 promovendo o traballo a favor do benestar da infancia a través de distintos programas de acción social, educación, mobilización e cooperación ao desenvolvemento.

Así mesmo, impulsamos o traballo en rede con outras entidades sociais para sumar esforzos e multiplicar os resultados do noso traballo, ao tempo que participamos de distintas campañas para sensibilizar a poboación galega sobre a realidade da infancia no noso país e nos países onde traballamos. Do mesmo modo, articulamos procesos de incidencia política co fin de reclamar aos poderes públicos a defensa e promoción dos dereitos da infancia e maior protagonismo para eles nos seus programas e políticas públicas.

Na loita por alcanzar estes obxectivos promovemos valores de solidariedade, xustiza social e desenvolvemento humano sostible, mentres traballamos para fortalecer os lazos de interrelación na procura dunha maior igualdade dende o enfoque de dereitos.

Na actualidade Educo en Galicia conta cunha base social de preto de 4.000 colaboradores, da cal un 70% corresponde a mulleres colaboradoras. Nas provincias da Coruña e Pontevedra concéntrase a maior parte dos nosos apoios. No ámbito empresarial, mais de 20 empresas apoiaron o noso labor a través de doazóns aos distintos programas que implementamos.

Programas

Acción social

Programa Becas Comedor

O Programa de Becas Comedor ten como obxectivo garantir unha comida completa e saudable ao día a nenas e nenos en situación de risco de pobreza e exclusión social que non contan co apoio das administracións públicas.

Durante o ano 2022 en Galicia, Educo brindou apoio ás familias dunha vintena de centros educativos, garantindo unha alimentación adecuada a máis de 200 familias na comunidade autónoma

Programa Becas Comedor Verán

A través do Programa de Becas Comedor Verán alívanse as familias do peso que supón a incapacidade de conciliar a vida laboral e persoal á vez que se asegura unha alimentación completa a nenas e nenos. Esta iniciativa impleméntase da man de entidades de acción social coas que Educo comparte o obxectivo de velar pola defensa dos dereitos da infancia. Bríndase este apoio a través de acordos con distintas entidades galegas que traballan coa Infancia en risco de exclusión e que desenvolven nos meses de verán campamentos



e actividades de ocio educativo con nenas e nenos. Ao longo do verán 2022, Educo traballou conxuntamente coa entidade Asociación Juan Soñador, dando atención a 110 nenas e nenos.

Programa Tecendo Redes de Protección e Bo Trato

Esta iniciativa busca acompañar a centros educativos na creación de contornos protectores e de bo trato no ámbito educativo coa finalidade de facilitar a xénese das máximas condicións posibles de protección e bo

trato para o alumnado. Así, mediante a articulación de Políticas de Protección e Bo Trato á infancia e adolescencia, os centros educativos garanten que o seu persoal, as súas actividades e a súa propia xestión non causen ningún dano a nenas, nenos e adolescentes. A implementación de estratexias e mecanismos garanten a diminución dos casos de desprotección e a promoción de espazos de bo trato. Este programa desenvólvese con 34 centros educativos no territorio español dos cales catro pertencen a comunidade galega.



En Galicia, nos 10 anos transcorridos, vimos aumentar paulatinamente o número de solicitudes recibidas, sendo a maioría casos derivados dos servizos sociais das cidades e vilas galegas e doutras entidades de acción social.

Cooperación ao Desenvolvemento

Proxecto de Empoderamento económico e exercicio dos dereitos das mulleres rurais organizadas de Santa María de Pantasma, Nicaragua

Datas de execución: 1/09/2021 - 30/12/2022

Nº de participantes: 820 persoas (195 mulleres, 110 homes, 289 nenas e 226 nenos)

Contraparte: Fundación Mujer y Desarrollo Económico Comunitario (FUMDEC)

Financiador: Subdirección de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia

O proxecto ten como obxectivo contribuír ao exercicio dos dereitos sociais e políticos das mulleres de 7 comunidades rurais do municipio de Pantasma, no norte de Nicaragua dende un enfoque agroecolóxico e de xénero (e) en alianza co goberno municipal.

Así, coa implementación desta proposta agárdase conseguir que as mulleres produtoras organicense e que as súas parellas e familias sexan sensibilizados sobre as desigualdades de xénero na comunidade e promovan prácticas de coidado equitativas e de loita contra a violencia de xénero. Ao tempo, no ámbito económico, o proxecto concíbese como un aporte para a redución de brechas nos contextos de desigualdade rural fortalecendo a autonomía económica das mulleres mediante o acceso á formación e medios de vida agrícolas, implementando cultivos e hortos familiares para o autoconsumo e diversificando con cultivos en ramadas, plátanos, malanga e frijoles para a comercialización baixo o modelo de redes horizontais empresariais e contratos en alianzas comunitarias.

Por último, establecéronse mecanismos e instrumentos de seguimento para a implementación de políticas públicas con enfoque de xénero a través da creación da Comisión Municipal de Xénero, conformada por: funcionarias, lideresas comunitarias e organizacións da sociedade civil no Municipio de Pantasma.

Proxecto de Fortalecemento de mulleres Maya-Mam de Santa Bárbara de Huehuetenango, Guatemala. Fase II.

Datas de execución: 1/08/2022 - 30/11/2023

Nº de participantes: 455 persoas (120 mulleres, 40 homes, 170 nenas/adolescentes, 125 nenos/adolescentes)

Contraparte: ONG para el Desarrollo Humano Integral Sostenible "Tierra Nueva"

Financiador: Subdirección de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia

O municipio de Santa Bárbara de Huehuetenango é unha das localidades que presenta o índice mais alto de pobreza no país. O municipio mostra unha alta densidade de poboación, baixos niveis de educación, altos niveis de desnutrición infantil, ausencia de servicios básicos de saneamento, auga potable, saúde, educación e opcións de desenvolvemento económico a nivel local. Os dereitos das mulleres e nenas nestas condicións están aínda máis comprometidos para elas que para a poboación masculina.

A través deste proxecto estanse impulsando distintas accións para o empoderamento das mulleres participantes, orientadas a conseguir unha vida libre de violencia intrafamiliar e onde teñan un



maior protagonismo nos espazos de incidencia política tradicionalmente relegados aos homes. Así se motivaron espazos de coordinación coa Dirección Municipal da Muller de Santa Bárbara e a Rede de Non Violencia contra as Mulleres (REDNOVI) co fin de contribuír ao acceso das mulleres a espazos públicos para incidir e exercer os seus dereitos plenamente.

En paralelo, procurouse fortalecer os coñecementos e prácticas na produción de alimentos sans e nutritivos xerando benestar para elas e as súas familias coa articulación de hortos hortícolas, frutícolas e medicinais e a formacións e a asistencia técnica para a construción de sistemas ecolóxicos.

A través deste proxecto estanse impulsando distintas accións para o empoderamento das mulleres participantes, orientadas a conseguir unha vida libre de violencia intrafamiliar.

Educación para a Cidadanía Global

Programa Sementando Participación

Datas de execución: 1/09/2022 - 31/12/2022

Nº de participantes: 285 persoas

Financiador: Concello de A Coruña

Sementando Participación é unha iniciativa que nace da colaboración entre a Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello de A Coruña e Educo co obxectivo de **motivar a participación infantil entre o alumnado da cidade.**

Preto de 300 alumnas e alumnos da cidade participaron na quinta edición do proxecto a través de distintos talleres que lles achegaron ao coñecemento dos dereitos da Infancia, incidindo no coñecemento do dereito á participación infantil. Nunha segunda fase o fomento da escoita activa, o respecto e o traballo en grupo levaron ao alumnado á **reflexión sobre o seu entorno e as problemáticas que lles rodean** para rematar traballando distintas propostas de mellora para os seus barrios e a súa cidade. Estas propostas foron, finalmente, compartidas coa Alcaldesa da cidade e o seu equipo de goberno quen se comprometeu a valoralas e levalas a cabo na medida do posible.



A protección da infancia dende a mirada da Axenda 2030

Datas de execución: 1/09/2022 - 30/09/2023

Nº de participantes: 300 persoas

Financiador: Subdirección Xeral de Cooperación Exterior de Xunta de Galicia

A violencia é un fenómeno global, omnipresente, mais preocupante nunhas rexións do mundo que noutras pero presente en todas elas e en moitos casos silenciada e aceptada pola sociedade. Esta prodúcese en tódolos países, en tódolos contornos e en todas as etapas. Calcúlase que no mundo hasta mil millóns de nenas, nenos e adolescentes foron vítimas de situacións de violencia como: abusos físicos, sexuais, emocionais ou de abandono ou negligencia no último ano.

A violencia que se sofre durante esta etapa de vida ten efectos directos sobre o desenvolvemento cognitivo, social e afectivo, sobre a saúde, a educación e, en xeral, sobre o benestar da infancia.

Esta proposta quere sensibilizar á poboación sobre a problemática da violencia na infancia e adolescencia, poñendo especial foco nas nenas, nenos e adolescentes e no sector do monitorado das entidade de lecer e tempo libre. A partir do coñecemento dos seus dereitos as e os participantes afondan no coñecemento do dereito á protección e tamén na identificación das distintas tipoloxías de violencia ás que poden estar expostos, aquí e noutros lugares do mundo. Así adquiren ferramentas para identificar e dar resposta ás situacións violentas ás que se poidan ter que enfrontar. A través do traballo colaborativo

con equipo de Educo Bolivia, se artellan espazos de encontro e comunicación online entre os grupos do proxecto e rapaces e rapazas dos Comités de Infancia e Adolescencia de La Paz e El Alto (Bolivia).

Campaña Mundial pola Educación

Datas de execución: 1/09/2022 - 31/12/2022

Nº de participantes: 1.852 persoas (63 mulleres, 19 homes, 960 nenas, 810 nenos)

Financiador: Subdirección Xeral de Cooperación Exterior de Xunta de Galicia

A Campaña Mundial pola Educación (CME) é unha coalición internacional formada por ONG, sindicatos do entorno educativo, centros escolares e movementos sociais que se mobilizan para reclamar o cumprimento dos compromisos internacionais asinados polos Estados no marco da Axenda 2030 e do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) 4: "Garantir unha educación, inclusiva, equitativa, igualitaria e de calidade e así promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas". O equipo territorial galego da CME integrado, actualmente, por Axuda en Acción, EDUCO, Entreculturas, Taller de Solidaridade e a Universidade de Santiago de Compostela e grazas á cofinanciación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, da continuidade ao seu traballo a través de actividades de sensibilización, concienciación, formación, mobilización social e incidencia política da Global Campaign for Education (GCE) en coordinación coa Coalición Española da CME.

Durante o 2022 diversas foron as accións organizadas no marco da Campaña Mundial por la Educación:

- Co obxectivo de adaptar e aterrizar a Campaña Mundial pola Educación aos novos contextos apostouse un ano máis por incluír **obradoiros de ciberactivismo** como actividade do proxecto. Nesta acción participaron un total de 187 alumnos e alumnas de tres centros de ensino secundario e 36 alumnos e alumnas universitarios da comunidade de Galicia.
- Ampliando o traballo coa Universidade e o seu alumnado, propuxéronse varias actividades a realizar neste nivel educativo co obxectivo de ofrecer á comunidade educativa universitaria espazos e accións formativas de sensibilización e reflexión crítica, organizáronse **Xornadas Universitarias** nas facultades de Educación dos campus de Santiago, Lugo e A Coruña. Ademais o equipo da Campaña Mundial pola Educación en Galicia participou en dous ciclos de xornadas na Universidade de Badaxoz e na Universidade Carlos III de Madrid.

Outra das actividades que se incluíron no proxecto para levar a cabo co alumnado universitario, foi a apertura dunha liña de innovación educativa baseada na metodoloxía de **Aprendizaxe e Servizo** (ApS) permitiu non só involucrar a este alumnado senón convertelos tamén en axentes chave para a consecución dos obxectivos da Campaña. Nesta actividade participaron 29 alumnas de 3º curso do Grao de Educación Social. Por último, co obxectivo de promover novas liñas de investigación participativa e crear alianzas na defensa do ODS 4 e o dereito á educación, cumpre destacar a revisión, sistematización e actualización dos materiais educativos producidos pola CME nos últimos dez anos a través dunha

liña de investigación aberta na Universidade de Santiago.

- No marco da Semana de Acción Mundial pola Educación (SAME) levouse a cabo un **acto de incidencia política no Parlamento de Galicia**, no que o seu presidente Miguel Ángel Santalices, o Vicepresidente segundo da Xunta de Galicia, Diego Calvo, así como os representantes en materia educativa dos partidos diferentes políticos, recibiron a 103 nenos, nenas e adolescentes dos distintos niveis educativos procedentes de diferentes centros da comunidade e que contou tamén coa presenza da responsable da Campaña Mundial pola Educación a nivel Estatal: Pilar Orenes. Neste acto, os nenos, nenas e adolescentes trasladaron as súas peticións e reflexións para o cumprimento do dereito humano á educación.
- **Obradoiros de ciberactivismo.** Estes obradoiros tiveron por obxectivo brindar coñecementos e ferramentas ao alumnado para promover o pensamento crítico e fomentar a participación e a mobilización social do alumnado en favor do dereito universal á educación. Nesta acción participaron 161 alumnos de catro centros de ensino secundario da comunidade galega.
- **Xornadas universitarias.** Co obxectivo de ofrecer á comunidade educativa universitaria galega espazos e accións formativas e de sensibilización e reflexión, organizáronse xornadas universitarias na Universidade de A Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo combinando o formato presencial e online segundo requirimentos das distintas administracións universitarias.



- **Encontro no Parlamento de Galicia.** No marco da celebración da Semana de Acción Mundial pola Educación, o Presidente do Parlamento de Galicia, así como, os distintos representantes dos partidos políticos recibiron ao redor de 60 alumnos de distintos centros galegos que trasladaron as súas reflexións e peticións en materia de educación.

Por terceiro ano consecutivo o alumnado galego traslada as súas propostas aos representantes políticos da comunidade.

Sensibilización

Seminario Internacional sobre trata de nenas e nenos con fins de explotación sexual “Tecendo redes seguras para a infancia en Bolivia e España”

A trata de persoas é un grave delito e unha grave violación dos Dereitos Humanos. Cada ano, miles de mulleres, homes, nenas e nenos caen en mans de tratantes tanto nos seus países de orixe, como no estranxeiro. A pesares dos evidentes avances que se veñen dando, aínda queda moito por percorrer no camiño cara a erradicación desta terrible forma de violencia.

Ao respecto, Educo organizou xunto con Fapmi-Ecpat España o seminario “Tecendo redes seguras para a infancia en Bolivia e España”, configurado como un espazo de encontro entre tódalas persoas involucradas na prevención e detección da trata de nenas, nenos e adolescentes con fins de explotación sexual dende unha dobre perspectiva: o compromiso

coa súa erradicación e a implementación de dito compromiso a través de iniciativas de éxito contrastadas, principalmente resultantes da implementación do Programa PROTEJERES en Bolivia.

Mostra “De oficio, defensoras”

Educo participou da mostra “De oficio, defensoras” motivada pola Coordinadora Galega de ONGD protagonizada por 17 mulleres defensoras de dereitos humanos de países como Guatemala, Colombia, Palestina, India ou Chad que traballan da man de distintas organizacións galegas. Coa participación nesta mostra procúrase por en valor o labor que realizan as mulleres activistas en moitos países do mundo marcados polo autoritarismo e a criminalización ao traballo das ONGD.

Esta mostra foi presentada no Parlamento de Galicia coa presenza de D. Miguel Santalices, Presidente do Parlamento Galego e representantes dos partidos políticos e do terceiro sector galego.





Incidencia política e traballo en rede

Dende Educo traballamos para promover sociedades máis xustas e equitativas que garantan os dereitos e benestar da infancia máis vulnerable. Para acadar este obxectivo é imprescindible a función de representación da entidade e a defensa dos intereses e propostas de Educo ante os diferentes actores que contribúen a garantir o disfrute dos seus dereitos a nenas, nenos e adolescentes, así como, a configurar a política galega de cooperación.

En consonancia co obxectivo de Educo de fomentar o traballo en rede e a visibilidade da organización, Educo en Galicia participa activamente na **Coordinadora Galega de ONGD** a través da súa Comisión de Incidencia Política. No ano 2022 a actividade da Comisión de Incidencia Política, da que participou Educo, centrouse especialmente na preparación de achegas para a mellora das convocatorias dependentes da Cooperación Galega, a flexibilización da normativa ligada a esta e a redacción dunha batería de propostas para a incorporación no novo Plan Director da Cooperación Galega que se traballou ao longo do 2022.

No referente ao traballo en favor da defensa dos dereitos das nenas, nenos e adolescentes da comuni-


dade galega, Educo forma parte da Xunta Directiva da **Plataforma de Organizacións de Infancia Galega (POIG)** e lidera o Grupo de Traballo de Incidencia Política. Dende este espazo, o ano 2022 impulsou, entre outros temas, o traballo en torno á defensa da pertinencia dunha Lei de Infancia Galega, marco co que contan practicamente todas as comunidades autónomas e para a que se elaborou un documento de defensa que foi compartido con tódolos grupos políticos. Destas reunións xurdiu a Declaración Institucional que se fixo o 20N no Parlamento Galego na que se facía público o compromiso para a mellora da normativa autonómica en cuestión de infancia e adolescencia referendada polos tres grupos políticos con representación parlamentaria.

A POIG tamén participou no grupo ad hoc creado no Observatorio Galego de Familia e Infancia para o traballo de implementación da Lei Orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e adolescencia fronte a violencia (LOPVI). Nesta liña difundíuse a "Guía sobre la Ley Orgánica de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia", e coordinouse coa Cátedra dos Dereitos do Neno (ICADE) da Universidade Pontificia de Comillas para realizar unha guía específica para a comunidade galega.

 educos.org

  [@educos_ong](https://www.instagram.com/educos_ong)

 [educos_ONG](https://twitter.com/educos_ONG)

 900 535 238

